

Autora: **ÉLISABETH BRAMI**  
Ilustrador: **BERNARD JEUNET**  
Traductor: **EMMA LÁZARE**

Encadernado en cartón  
56 páxinas a toda cor. 24x29 cm.  
Dispoñible en:


-Galego: "Sálvate Elías!". ISBN 84-8464-608-4

-Castelán: "¡Sálvate Elías!". ISBN 84-96388-52-2

-Catalán: "Salva't Elies!". ISBN 84-8464-607-6

Prezo: 18 €

## SÁLVATE, ELÍAS!



**Marchamos sen cerrar con chave. A Mamá choraba. Foi unha mañá de xuño, días antes de acabar a escola. Eu estaba xogando ás damas con cachiños de pan, no hule a cadros da cociña. O señor Perrier, o veciño que é axente da policía, veu petar á nosa porta.**

"Sálvate Elías!" é un libro para tanto para nenos como lectores adultos. Un libro para toda a vida, que sempre permanecerá na memoria. Un libro que os máis cativos comprenderán paseniño, a medida que saiban que son as guerras, os efectos que producen nas súas vítimas e a pegada que deixan na nosa historia.

O protagonista deste relato ambientado en Francia é un neno de sete anos ao que seus pais deixan ao coidado duns granxeiros para protexelo da persecución que sofren os xudeus durante a II Guerra Mundial. Con outra identidade e unha familia postiza, Elías afronta a nenez, unha etapa da vida na que os sentimentos teñen unha forza incalculable: forza, valentía, pero tamén medo e desconfianza a que se descubra a súa verdade... Elías non quere perder a esperanza de que os seus pais volten algún día a por el. Mentres, a realidade ofrécelle a súa faciana menos amable: ridiculízano na escola, os adultos rexéitano pola súa orixe escura e só é amable con el unha nena, que lle fai espertar emocións especiais.

Elías atópase indefenso ante un mundo sen piedade, capaz de aniquilarse a si mesmo e á súa principal fonte de futuro: a infancia. O libro está adicado a nenos que, como Elías, sobreviviron á masacre que padeceu o pobo xudeu; pero sobre todo, a aqueles que non tiveron esa sorte.

Élisabeth Brami crea un relato rebotante de sensibilidade que atopa o seu complemento ideal na orixinal e laboriosa proposta artística de Jeunet, baseada nas técnicas do collage e da escultura en papel e cartón, caracterizada pola meticulosidade dos detalles e polos tonos sombríos, que acentúan a sensación de anguria que transmite a historia.

KALANDRAKA aposta por álbumes que, como "Sálvate Elías!" transmiten valores e coñecementos sobre a inxustiza das guerras; así son títulos como "A historia de Erika" de Ruth Vander Zee e Roberto Innocenti, editado en galego e castelán, "Muletas" e "Co vento de cara", ámbolos dous de Peter Härtling e dispoñibles en galego.

### ÉLISABETH BRAMI (Varsovia, 1946)

Estudou Ciencias Sociais e Psicoloxía, profesión que exerceu dende 1974 nun centro de día para adolescentes de París. Non foi ata os anos 90 cando se dedicou á literatura infantil e xuvenil. Algunhas das súas obras publicáronse en Estados Unidos, Alemaña e Xapón. "Sálvate Elías!" ten elementos autobiográficos, xa que os seus pais víronse obrigados a permanecer agochados durante a guerra por seren xudeus. Cando a familia se instalou en Francia, unha enfermidade obrigou á autora a separarse tamén dos seus proxenitores. O nome do protagonista do libro, ademais de ser un nome xudeu, é o diminutivo da autora, que é unha gran afeccionada á lectura. O mesmo título da obra alude precisamente ao poder dos libros: "Sálvaste e les" (en francés, "Tu te sauves et tu lis").

### BERNARD JEUNET (Lorient, 1956)

Diplomado pola Escola Rexional de Belas Artes de Reno, dedícase á ilustración e á pintura. Tamén é ilustrador e autor de libros de poesía. Reside en Quimper. Bernard Jeunet e Élisabeth Brami coñecéronse nunha feira do libro. A autora fotografara as súas esculturas de papel, a partir das cales xurdeu a súa colaboración para traballaren xuntos neste proxecto.

- **Temática:** drama dun neno xudeu na Francia da II Guerra Mundial
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** impactantes ilustracións esculpidas con papel; aspectos autobiográficos da autora
- **Aplicacións:** situar aos nenos no contexto histórico do relato, aportarlles coñecementos sobre as guerras que marcaron o mundo e as traxedias humanas que conlevan

